

Modificación do acordo do persoal interino e substituto

Segundo a administración hai 58 persoas afectadas por ter feita a instancia na web da Consellaría mais non a teren presentada na sede electrónica da Xunta de Galiza.

A **CIG-Ensino** está de acordo con evitar que estas persoas poidan ser excluídas das listas e confirma que non vai asinar o acordo de persoal interino mentres non recolla un acordo de estabilidade. Malia isto sempre fixemos e faremos propostas que melloren as deficiencias e erros do acordo.

Tendo en conta a situación creada, a CIG-Ensino solicitou que este ano, de forma excepcional, todo o persoal interino e substituto quedase eximido de se presentar ás oposicións para permanecer en listas de substitucións. **A administración non o acepta.**

Como proposta para mellorar o acordo fixemos fincapé na necesidade de modificar o apartado do contrato temporal como motivo para poder solicitar non traballar ou limitar provincias ou concellos.

Está claro que hai persoas que teñen contratos formalmente indefinidos ou mesmo que son autónomas que deberían ter dereito a esta exención.

A proposta da CIG-Ensino é clara: todas as persoas deberían ter dereito a renunciar durante un máximo de tres anos se teñen calquera modalidade de contrato laboral ou están de alta en calquera réxime de cotización.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



MODIFICACIÓN DO ACORDO DO VINTE DE XUÑO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E CINCO, ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS ANPE, CC.OO, CSIF E FeSP-UGT, SOBRE O ACCESO Á FUNCIÓN PÚBLICA DOCENTE EN CALIDADE DE PROFESOR INTERINO E SUBSTITUTO.

Engádesse unha disposición transitoria ao Acordo do vinte de xuño de mil novecentos noventa e cinco coa seguinte redacción:

Disposición transitoria única.

Con carácter excepcional, non será de aplicación a subepígrafe 2 do punto décimo segundo do Acordo do 20 de xuño de 1995, a aquelas persoas interinas e substitutas que consolidaron o posto na lista correspondente e que nos procedementos selectivos convocados pola Orde do 14 de marzo de 2018 fixeron unha instancia na aplicación informática <http://edu.xunta.es/oposicións> e non a presentaron na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Solicitamos que este ano de forma excepcional todo o persoal interino e substituto quede eximido de presentarse ás oposicións para permanecer nas listas de substitucións

Preocupación da CIG-Ensino por posíbeis exclusións no CADP.

Amosamos a nosa preocupación, visto o que pasou coa oposición, polo que poida acontecer coa obrigatoriedade de presentar solicitude no Concurso de Adxudicación de Destinos Provisionais (CADP). **A administración di que enviará un correo electrónico nestes días avisando da obrigatoriedade de presentar solicitude.** Reiteramos a nosa demanda de que se envíe un SMS. **Estudarán o envío do SMS antes de rematar o prazo.**